

# Bloque 1 -

## Unidade Didáctica 2

### PRINCIPAIS PENSADORES E MOVEMENTOS FILOSÓFICOS

#### 1.- FILOSOFÍA CLÁSICA

Denominamos Filosofía Clásica, a filosofía que produce Grecia e Roma dende os séculos VI a.e. ata o século II d.e. A gran achega a fai Grecia onde situamos os dous filósofos máis importantes da antigüidade (Platón e Aristóteles) pero Roma tamén aportará algunha figura relevante.

Podemos dividir a Filosofía Clásica en tres tramos:

**1.- Filósofos Presocráticos.** Son os primeiros pensadores, os primeiros que afástanse dos mitos e lendas e intentan dar unha explicación racional do universo. Chámanse presocráticos porque son anteriores a Sócrates (outro filósofo importante grego).

**2.- Filosofía Clásica:** Platón e Aristóteles son dous dos pensadores máis importantes da historia da filosofía. O seu pensamento, oposto en moitas cousas, poñerá a base de moitas das teorías filosóficas posteriores.

#### **PLATÓN** (427- 347a.e.)

Este filósofo consideraba que existían dúas realidades: a realidade das cousas visibles que temos ante nós (as cousas sensibles), e outra realidade que non podemos ver que é onde están as ideas e os conceptos (esta realidade é inmateral). A primeira denominouna “Mundo das cousas sensibles” e á segunda “Mundo das Ideas”.

**O Mundo das ideas** era moito máis importante co das cousas sensibles; de feito para el era a única realidade de verdade. Neste mundo atópanse as ideas ou conceptos das cousas: o Bo, a Beleza, a Xustiza, o Amor, etc... Pero tamén ideas máis simples como: o concepto de can, de gato, de casa, de persoa, de árbore .... Estas ideas están perfectamente ordenadas e xerarquizadas.

**O Mundo sensible ou Mundo das cousas sensibles** está formado por todas aquelas cousas que podemos coñecer a través dos nosos sentidos. Curiosamente para Platón todo este mundo non é real; a nós parécenos que existe pero en realidade os nosos

sentidos engánanos. A única maneira de coñecer realmente é a través da razón nunca polos sentidos.

**O Concepto de alma.** Para Platón o ser humano é a unión de alma e corpo. A alma é a parte espiritual e o corpo a material. Orixinariamente estas dúas partes estaban separadas: a alma vivía no mundo das ideas e alí contemplaba todo o saber. Pero nun momento dado a alma “cae” ao mundo das cousas sensibles e quedou presa dentro dun corpo material perdendo a súa pureza. Segundo Platón cando os corpos morren as almas escapan deles pero como non son suficientemente puras non poden volver ao mundo inmaterial das ideas; así que **reencárnanse** noutro corpo. A alma pasará séculos e séculos ata que poda volver ao mundo das ideas pero nunca morrerá porque a alma para Platón é inmortal.

### **ARISTÓTELES** (383-323ane)


Aristóteles foi alumno de Platón e durante 20 anos estudou filosofía na Academia (a escola de filosofía que Platón fundou en Atenas); pero se ben é certo que ao principio seguiu o pensamento do seu mestre despois foise afastando e na época de madurez, practicamente oponse en todo.

Aristóteles pensaba que existía un só mundo: o mundo das cousas sensibles que vemos e tocamos. Para explicar o mundo tiña a chamado **Teoría Hileomórfica**. Segundo esta teoría todo no universo está formado por materia e forma. Non existe materia que non teña algunha forma e tampouco existen formas sen materia. Por tanto está en desacordo cas teorías platónicas.

Consecuentemente o ser humano tamén está formado por materia e forma: a materia é o corpo e a forma é a alma de cada persoa (que é a súa esencia, o que o fai ser o que é). Como non pode existir ningunha forma sen materia, para Aristóteles cando o corpo morre a alma tamén morre e dicir ca alma humana é mortal.

Aristóteles tamén é o responsable dunha visión do cosmos que durará ata o renacemento. A cosmovisión aristotélica é **xeocéntrica** (a Terra está no centro do sistema) e **xeoestática** (a Terra está quieta). A lúa, o sol e os catro planetas coñecidos xiran ao redor da Terra describindo órbitas circulares. O Universo de Aristóteles é **infinito no tempo** porque é eterno: existe dende sempre, non foi creado por ninguén e nunca destruírase; pero é **finito no espazo**: ten un límite, por enriba da órbita de

Saturno está a órbita das estrelas fixas que non se moven e que pechan o universo, máis aló delas non hai nada.



3.- **As Escolas Helenísticas**, son os últimos estertores do pensamento clásico. Despois de Aristóteles a filosofía clásica foi decaendo. As escolas helenísticas son escolas de ética, é dicir: intentan ensinar cal é a actuación correcta do ser humano en cada momento; como debe de actuar; que cousas son correctas moralmente e cales non.

Existen bastantes escolas pero as máis importantes son as seguintes:

**ESTOICISMO:** para os estoicos “todo o que sucede no universo, sucede en función dunha lei racional e preestablecida.” No mundo todo ten unha causa e cada cousa causa un efecto; os acontecementos son unha cadea infinita de causas-efectos.

Os seres humanos non podemos controlar nin moito menos variar esa lei universal. De feito os humanos nen sequera coñecemos esa lei; pensamos que somos libres e que decidimos o noso futuro pero en realidade está todo predeterminado.

Como non podemos loitar contra a lei universal, o mellor que podemos facer é aceptar as cousas tal e como suceden. Debemos controlar os nosos sentimentos: nin aflixirnos, nin enfadar nin estar ledos de máis porque nada é responsabilidade nosa. A **virtude** (ser boa persoa e obrar ben) é o único que merece a pena e o que nos fará máis felices.

**EPICUREISMO:** os epicureos buscan a felicidade intentando achegarse ao pracer e esquivar a dor. Pero é unha procura do pracer moderado que non teña como consecuencia unha dor final aínda peor. Non teñen interese na fama, nin no poder nin na riqueza xa que todo iso, á larga, trae sufrimento e dor. Gustan do pracer da amizade sincera; vivían nunha comuna (á que chamaban “xardín”) sen normas e sen obrigas.

Os epicureos buscaban a **Ataraxia:** Estado de ánimo que se caracteriza pola tranquilidade e a total ausencia de desexos o temores.

**ESCEPTICISMO:** son escépticos aqueles que pensaban co ser humano non podía acadar ningún tipo de coñecemento seguro e incuestionable. Non somos quen de chegar á certeza absoluta das cousas. Por tanto o mellor que podemos facer é:

- Non definirmos, non posicionarnos dunha parte ou doutra
- Manternos sempre ao marxe
- Non tomar decisións transcendentais máis aló de decidir as cousas mínimas do noso día a día
- Non apaixonarnos nin decepcionarnos cas cousas porque nada sabemos delas.

## 2.- FILOSOFÍA MEDIEVAL

A filosofía medieval iniciase ao rematar a filosofía clásica ou grega. As chamadas Escolas Helenísticas son a última manifestación da filosofía clásica.

O mundo da filosofía medieval iniciase sobre o século II ou III ne. Compartiran durante uns 200 anos o espazo con esas escolas helenísticas pero finalmente o cristianismo persegue e obriga a pechar eses últimos puntos de filosofía pagá. A filosofía medieval tomará moitas cousas do mundo clásico pasándoo pola peneira do cristianismo.

A filosofía medieval está feita por pensadores cristiáns e xira absolutamente toda ao redor da existencia de Deus, de cal é a natureza deste ser (que é e como é Deus) e que relación ten co universo (ao que supostamente creou); por iso podemos dicir co pensamento medieval é **Teoloxía** (estudo de Deus).

Podemos diferenciar tres grandes períodos:

- **Durante os primeiros anos** (mentres vive Xesús e os primeiros anos despois da súa morte), o cristianismo é unha especie de ética: Xesús explicou unha nova maneira de comportarnos e unha nova relación ca humanidade; predicaba bondade, perdón, solidariedade, ausencia de rencor e vinganza. Diciános como debiamos actuar e criticaba abertamente no que se tiña convertido a relixión xudía.

- **Os pais da Igrexa (A Patrística)** Pronto os cristiáns empezan a facer *apoloxía* do cristianismo (defensa) e atacarán duramente o pensamento pagán das antigas escolas clásicas. Os atacan nos contidos pero usan os seus argumentos e o seu vocabulario. Durante estes anos créase a auténtica doutrina cristiá; estes “pais” da Igrexa elaboran o **dogma** do cristianismo. Unha personaxe clave de esta época é Agostiño de Hipona.

A filosofía farase dende os primeiros mosteiros que aparecen durante os séculos IV e V e teñen gran expansión ata o IX.

- **Ao último período de filosofía medieval, denominámola Escolástica.** Ocupa os séculos do XI ao XIV; coincide ca aparición das primeiras universidades europeas (Oxford, Cambrich, París, Bolonia, etc). A filosofía sae de novo dos mosteiros e vólvese a ensinar en escolas. Durante este período a filosofía aínda é pensamento relixioso e razón e fe están unidas de maneira que nada se podía opinar nin dicir se contradicía as ensinanzas da Biblia. A personaxe máis importante deste momento é Tomé de Aquino.

### 3.- FILOSOFÍA MODERNA

A Filosofía Moderna: é un período complexo e moi rico do pensamento que podemos tamén dividir en tres tramos:

- **Renacemento e humanismo:** durante os séculos XV e XVI. A filosofía sepárase da fe e inicia unha escalada nos ámbitos da matemática, física e astronomía.

- **Racionalismo e Empirismo:** durante o século XVII aparecen dos movementos contrapostos que xorden paralelamente e que son irreconciliables.

- **Kant:** xa no século XVIII intenta superar o enfrontamento entre racionalistas e espiritistas. Este filósofo é outro pensador clave na historia da filosofía. A súa achega é inmensa pero podemos resaltar dúas cousas moi importantes:

- Sinalas cales son os límites do saber humano. Exporá a súa teoría de como funciona a mente humana á hora de coñecer separando a parte obxectiva e a subxectiva do coñecemento. Poñerá por escrito aquel coñecemento que podemos considerar científico e por tanto incuestionable e o separa da especulación filosófica da que non temos ningunha certeza.

- Elaborará unha teoría ética. É dicir unha teoría sobre como debe actuar o ser humano en cuestións de moral e porque.

- **A Ilustración:** último momento da filosofía moderno e punto culminante do optimismo no ser humano e nas súas posibilidades de transformar a sociedade.

O período ilustrado caracterízase por un optimismo desmesurado baseado en:

- Confianza cega na razón: como solución a todos os problemas da humanidade. A través da razón seremos capaces de crear sociedades máis xustas, máis solidarias, sen sufrimento nin guerras.

- Aparición dos DEREITOS UNIVERSAIS do ser humano

- Idea de PROGRESO a humanidade avanza vitoriosa cara a mundos moito mellores.

- Fe na ciencia e na tecnoloxía: aliadas no progreso

- Importancia da EDUCACIÓN que fará que todos os seres humanos usen correctamente a razón. É o momento da Enciclopedia escrita por Diderot e D'Alembert. recollendo todo o saber da humanidade ata o momento.

#### 4.- FILOSOFÍA CONTEMPORÁNEA

A Filosofía Contemporánea ou actual é o pensamento dos séculos XIX a XXI. Un tempo de perda do optimismo e de xiro dende a reflexión como grupo á aparición das ciencias sociais. Establecemos tamén tres períodos:

- No **século XIX**, resaltamos dous pensadores importantes:

##### MARX

O ser humano é unha especie traballadora. A través do seu traballo transforma a realidade. Traballar é realizarse. Pero na economía capitalista o SH perdeu a relación: traballo-creación. Sometido ao traballo en cadea, traballa moitas horas e no reconece o produto resultante do seu traballo. O obreiro alienase.

Na economía capitalista existen dúas clases sociais: a burguesía que posúe os medios de produción (capital+ fábricas) e proletariado que só posúe a súa forza de traballo. O proletariado cambia traballo por salario pero o burgués non paga todas as horas de traballo do proletariado. O tempo non remunerado convértese en capital.

Marx é un filósofo optimista. A economía capitalista ten un final: o cambio ten que vir a través da revolución obreira.

##### NIETZSCHE

Realiza unha crítica brutal á sociedade burguesa de finais do século XIX e aos seus valores. Estes valores érguense sobre os principios da relixión cristiá e baséase:

- na mediocridade
- a debilidade
- a envexa e o resentimento

Por iso declara a necesidade da **morte de Deus**. A morte de Deus significa a maioría de idade do ser humano. Unha vez proclamado que Deus non existe o home queda só ca súa liberdade, xa non pode apoiar as súas decisións nas normas relixiosas nin morais. Unha vez superado o primeiro momento de desconcerto, xurdirá a figura do superhome; un home libre de normas relixiosas

e sociais.

- **Durante o século XX** aparecerán movementos moi importantes como o:

### EXISTENCIALISMO

O ser humano é un ser sen esencia; é dicir ao nacer non é nada, o que será irase conformando a medida que vai vivindo en función das determinacións que tome. A vida é ese breve espazo de tempo entre o nacemento (que non eliximos) e a morte (que tampouco decidimos). Somos “seres para a morte” dende o momento que nacemos o noso destino é a morte. Isto produce moita angustia. A vida, ese espazo dende o nacemento á morte, é o **proxecto** (aquelo que faremos ca nosa vida e que nos definirá como persoas). Estamos condenados/obrigados a elixir continuamente, a definirnós a cada momento.

### ESTRUTURALISMO

O SH é o resultado da cultura na que vive. A pesar diso existen unhas estruturas previas propias do SH que son comúns en tódalas culturas..

- **Século XXI:** a filosofía dedícase fundamentalmente a temas de ética, de fundamentación do estado e de teorías políticas, a temas de bioética, de ecoloxía, a Dereitos Humanos, temas de racismo e xenofobia ou temas de xénero.